




Área / Unidad APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 MBLG	Documento 23712I01EC	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/6889/2018 05/12/2018
Código de verificación  2I2V 2G2L 5G6V 2B1L 16J4	Expediente 237/2018/224	
	Fecha 28-11-2018	

Asunto

**DECRETO CREACIÓN CONSELLO MUNICIPAL DE
IGUALDADE E APROBACIÓN NORMAS DE
FUNCIONAMIENTO**

Visto o informe proposta emitido en data 28 de novembro pola xefa do Servizo de Igualdade e Diversidade, coa conformidade da concelleira delegada de Igualdade e Diversidade, e facendo uso das facultades que me atribúe o apartado Terceiro do artigo 2 do Regulamento Orgánico de participación cidadá do Concello da Coruña de 2 de novembro de 2004 (BOP núm. 285 do 13/12/2004),

RESOLVO

Primeiro.- Crear o Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña coa natureza xurídica de órgano para a participación cidadá, colexiado e de carácter sectorial, de natureza consultiva e propositiva no Concello da Coruña no ámbito da igualdade de xénero e das diversidades afectivo sexuais.

Constitúese como un espazo para debater, asesorar, informar, debater, estudar, revisar, propor e traballar en rede, e que ten como obxectivo facer achegas ás políticas, liñas e accións municipais no ámbito da igualdade de xénero.

Segundo.- Aprobar as Normas específicas de funcionamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña, de conformidade co previsto no apartado 3, do artigo 2 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello da Coruña de 2 de novembro de 2004.

Terceiro.- Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o texto íntegro das devanditas normas específicas, así como na web da Concellería de Igualdade e Diversidade.

Cuarto.- Facultar á concelleira delegada de Igualdade e Diversidade para a adopción de cantas resolucións sexan precisas para a execución destas resolucións.

O alcalde
Xulio Xosé Ferreiro Baamonde